

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE TEO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE TEO

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don Rafael Sisto Edreira, actuando en nome e representación do Concello de Teo en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.



O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración.

III. De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 e) da LRBRL, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos á cidadanía en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións coa finalidade de poder prestar aos cidadáns unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

V. Neste contexto, no Consello da Xunta foi aprobado o Plan de Infraestruturas de Atención Primaria que servirá a xeito de plan director do investimento futuro na rede de centros deste nivel asistencial, deseñando así unha folla de ruta que centre as prioridades a curto e medio prazo.

VI. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

VII. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Teo, faise necesario construír un novo centro de saúde.



VIII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de construción no concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Teo para a construción dun novo centro de saúde no concello.

Segunda. Obrigas do concello

1. O concello de Teo comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial ao Servizo Galego de Saúde dunha parcela situada no Polígono 515, en Gandarón, Teo, de aproximadamente 10.420 m². A dita parcela deberá cederse libre de cargas e gravames. O concello manifesta que existe unha servidume de paso que se reflectirá no plano topográfico e que deberá manterse mentres dure esa necesidade, coa clasificación de uso sanitario e comprométese a redactar e a aprobar o plan especial de dotación de infraestruturas e a obter os permisos e as autorizacións que foran necesarios para executar as obras de construción do novo centro.

2. De acordo co anterior e co fin de tramitar a cesión da propiedade da parcela, o concello remitirá ao Servizo Galego de Saúde a seguinte documentación:

- a) Certificación do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo ao Servizo Galego de Saúde a parcela, indicando referencia catastral.
- b) Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Real decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, no caso de tratarse dun ben patrimonial.
- c) Certificación do rexistro da propiedade de titularidade e situación de cargas e gravames. Debendo figurar que está libre de cargas.
- d) Certificación catastral.



Está cesión será elevada a escritura pública, e inscrita no rexistro da propiedade, sendo a cargo do concello os gastos derivados destas dúas accións. A devandita escritura pública contemplará o dereito de reversión a favor do concello no suposto de que o inmovible a construír deixara de prestar servizo como centro de saúde, ou ben non se efectúe a construción do mesmo.

3. O Concello de Teo asumirá todos os gastos necesarios para dotar á parcela do centro de saúde das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, alumeados, telefonía, aparcadoiro, etcétera. A parcela ou ben os espazos urbanizados anexos deberán dispoñer de polo menos 2 prazas de aparcadoiro sinaladas para uso exclusivo dos/as profesionais que realizan atención domiciliaria, que poderán incrementarse ata un 10 % dos/as profesionais que realicen a dita función. Estas infraestruturas deberán estar realizadas á entrada en funcionamento do centro de saúde.

Toda a urbanización interior e exterior necesaria así como o mantemento futuro da parcela cedidas ao Servizo Galego de Saúde, será por conta do concello, incluíndo as beirarrúas, axardinamento e aparcadoiro, tanto no interior como no exterior da parcela cedida.

4. O Concello de Teo comprométese a regular na ordenanza fiscal correspondente, no prazo dun ano dende a sinatura deste convenio, a exención do pagamento do imposto sobre bens inmoables a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En todo caso, a dita exención deberá estar en vigor na data de entrada en funcionamento do novo centro de saúde. En caso contrario, o importe dos recibos do IBI deberá ser indemnizado ao Servizo Galego de Saúde polo concello.

5. Comprométese a modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% *"a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros"*.




CONCELLO DE TEO
Alcaldía

Terceira. Obrigas do Servizo Galego de Saúde

1. O Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración e, de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de construción do centro de saúde, con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo, toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización), incluídas as licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que sexan necesarios.

2. O Servizo Galego de Saúde farase cargo do pago das taxas de licenzas e imposto sobre construcións, instalacións e obras. Non obstante, o Concello de Teo comprométese a modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, tal e como se recolle no punto 5 dos compromisos do Concello de Teo.

3. O Servizo Galego de Saúde aceptará a cesión gratuíta da parcela cedida polo concello.

O artigo 101.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia dispón que o Servizo Galego de Saúde poderá adquirir por si mesmo bens inmobles e dereitos a título gratuíto logo da autorización do Consello da Xunta.


No caso de mediar a anterior autorización, a cesión será elevada a escritura pública e inscrita no rexistro da propiedade. A devandita escritura contemplará o dereito de reversión a favor do concello no suposto de que o inmueble a construír deixara de prestar servizo como centro de saúde.

4. O Servizo Galego de Saúde farase cargo exclusivamente do mantemento do edificio do centro de saúde, mentres o concello farase cargo do mantemento do resto da parcela tal e como se recolle no punto 3 da cláusula segunda.

Cuarta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
- b) Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.



- c) Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables, e se reunirá por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

Quinta. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas, que dará lugar á a indemnización dos danos e perdas causados.

Sexta. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro, o presente convenio está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita Lei, este convenio rexeráse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Sétima. Resolución de conflitos e xurisdición competente

As partes asinantes do presente convenio comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión de seguimento, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste convenio.

Oitava. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo, sen que en ningún momento o



período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, incluída a súa prórroga.

Non obstante o anterior, a eficacia deste convenio quedará condicionada á autorización da cesión polo Consello da Xunta de Galicia, consonte ao sinalado no punto 3 da cláusula terceira.

Novena. Publicidade

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde




PRESIDENTE
SERVIZO GALEGO de SAÚDE
XUNTA DE GALICIA
Julio García Comesaña

Polo Concello de Teo




70
CONCELLO DE TEO
Alcaldía

